

TEMA 2:

A EUROPA FEUDAL

VOCABULARIO:

Mordomos de palacio

Marcas

Tratado de Verdún

Curia ou Consello Real

Feudo

Vasalaxe

Excomuñón

Clero regular

Clero secular

Servos

Rotación bienal

Barbeito

1. O IMPERIO CAROLINXIO

Despois da desintegración do imperio romano no século V, estableceuse o reino franco nos territorios da actual Francia. No reino franco os reis eran débiles e foron deixando o goberno nas mans dos altos funcionarios, os **mordomos de palacio**. O mordomo máis importante foi **Carlos Martel**, que derrotou os musulmáns na batalla de Poitiers no ano 736, e impediu que o reino franco caese baixo dominio musulmán.

O seu fillo, **Pipino o Breve**, foi elixido rei no ano 751 e con el comeza a dinastía carolinxia. A Pipino sucedeuno o seu fillo **Carlomagno**, que intentou refundar o imperio romano de Occidente e conseguiu levar ao reino dos francos ao seu máximo esplendor. Conquistou o norte de Italia, someteu a varios pobos de Xermania, e apoderouse do norte da península Ibérica, a actual Cataluña, chamada a Marca Hispánica.

O seu poder era tan grande que, o día de Nadal do ano 800, Carlomagno foi coroado en Roma polo papa como **novo emperador de Occidente**.



Mapa1: O Imperio carolinxio



Mapa 2: O Tratado de Verdún

1. 1. O goberno do imperio carolinxio

Carlomagno estableceu a súa residencia en **Aquisgrán**, onde construíu o seu palacio. Desde alí dominaba todo o seu imperio, que era moi extenso. Para gobernalo mellor, dividiuno en provincias, chamadas **condados**, porque estaban gobernadas por un **conde**. Nas zonas de fronteira creou as chamadas **marcas**, territorios cun exército ao mando dun **marqués**. Carlomagno nomeaba os condes e os marqueses, que lle debían **xurar fidelidade**.

A forma de vida no imperio era **rural**. A maioría da poboación vivía da agricultura e residía no campo. As cidades eran pequenas, e a artesanía e o comercio, escasos.


1.2. O final do imperio carolinxo

Cando un rei franco morría o reino dividíase entre os seus fillos. Os carolinxios seguiron con ese costume. Carlomagno só tivo un fillo, **Luís o Piadoso**, polo que el herdou todo o imperio. Pero cando este morreu o imperio carolinxo repartiuse entre os seus tres fillos: Carlos, Luís e Lotario.

Nun principio, os irmáns enfrontáronse entre eles, pero finalmente asinaron o **tratado de Verdún** (843), polo que recoñecían a repartición do imperio. Tras a morte de Lotario, o seu reino repartiuse entre os seus dous irmáns.

1.3. A cultura carolinxia



Carlomagno situou a capital do seu imperio na cidade de **Aquisgrán** e alí construíu o seu palacio, á beira do río Rin. O palacio constaba de moitos edificios: un era a residencia do emperador e da súa familia, outro albergaba a sala de audiencias e a sala en que se gardaba o tesouro, e tamén se aproveitaron unhas antigas termas romanas.



Imaxe 1: Plano do Palacio de Carlomagno en Aquisgrán

De todo o edificio só se conserva a **Capela Palatina**, a igrexa do palacio. Alí se situaba o trono do emperador. Para a súa construción utilizáronse materiais tomados de monumentos romanos, moitos deles traídos de Italia, incluídos mosaicos e outros elementos de decoración.

Durante esta época produciuse un **renacemento da cultura**. Carlomagno rodeouse dalgúns dos sabios máis importantes da súa época e creou escolas nos mosteiros. En Aquisgrán tamén fundou a **Escola Palatina**, a institución educativa máis importante da época.



Imaxes 2 e 3: A Capilla Palatina de Aquisgrán

2. AS SEGUNDAS INVASIÓNS

Cara ao ano 1000, Europa estaba dividida en numerosos reinos. Os reis eran débiles e tiñan poucos medios, polo que non puideron facer fronte ás novas invasións que arrasaron Europa. Serían tres novos pobos invasores: os viquingos, os maxiarios e os sarracenos.

- Os **viquingos** procedían de Escandinavia. Conquistaron as illas Británicas, o norte de Francia e o sur de Italia, onde fundaron reinos. Os viquingos eran feroces e crueis guerreiros e as súas incursións provocaban o pánico entre os habitantes de todo o continente.
- Os **maxiarios ou húngaros** proviñan das estepas asiáticas. Asentáronse no leste de Europa, onde formaron o reino de Hungría.
- Os **sarracenos** eran piratas musulmáns que arrasaban as costas mediterráneas europeas cos seus saqueos e coas pillaxes.

Estes pobos eran moi crueis, o que deu lugar a un **clima de terror** que se estendeu por Europa. Moita xente interpretou estas calamidades como un castigo de Deus e comezaron a crer na idea do final do mundo, que chegaría no ano 1000.



Mapa 3: As segundas invasións

3. O FEUDALISMO

3.1. Uns reis débiles

Tras a fragmentación do imperio carolinxio, toda Europa se dividiu en numerosos reinos. Os reis eran moi débiles e non tiñan exércitos nin medios para protexer os seus reinos.

Como non contaban coa protección do rei, os campesiños buscárona nos **nobres** (condes, duques, marqueses...) que dispoñían dun exército propio e dun castelo no que podía protexerse a poboación da zona se era atacada. A cambio da súa protección, o nobre esixíalles aos campesiños que traballasen para el e que se sometesen completamente á súa autoridade. Desta forma, os campesiños convertéronse en **servos** dos nobres.

O **exército do rei** era pequeno polo que dependía para a defensa do reino dos **exércitos privados dos nobres**. Cando había unha ameaza exterior o monarca chamaba aos nobres, que unían os seus exércitos aos do rei e se enfrontaban aos inimigos. A principal fonte de ingresos para os reis

procedía dos seus propios feudos e dalgunhas cidades, xa que non tiña poder dabondo para cobrar impostos nas terras dos seus vasalos. En ocasións especiais, como guerras ou pactos matrimoniais, recibía axudas da Igrexa e dos grandes nobres.



Mapa 4: Os reinos de Europa no ano 1000

Na Idade Media os reis non tiñan una capital fixa, senón que se desprazaban por todos os seus territorios para poder controlalos mellor. Viaxaban acompañados dun grupo de familiares, guerreiros e conselleiros que formaban a **corte**.

Para que os axudasen nas tarefas de goberno, os reis rodeáronse de persoas da súa confianza e poderosas, que formaban a **Curia ou Consello Real**.

3.2. O feudalismo

Esta situación deu lugar á aparición do **feudalismo**, un novo sistema social que tiña as seguintes características:

- Cada gran nobre alcanzou o dominio total das súas terras. O poder do rei viuse limitado aos territorios que controlaba directamente, coma se fose un nobre máis.
- Os nobres aceptaban a primacía do rei mediante un pacto chamado **vasalaxe**. Os nobres convertíanse en vasalos do rei nunha cerimonia chamada **homenaxe**, na que, axeonllado e bicando a man do rei, lle xuraban fidelidade, axuda militar e consello no goberno. Pola súa parte, o monarca realizaba a **investidura**, pola que lle cedía unha porción de terras, o **feudo**, ao vasalo.



Imaxe 5: O sistema feudal

- Á súa vez, os nobres podían ter **vasalos** propios, que adoitaban ser nobres menos importantes. A cambio de xurar fidelidade ao seu señor, este outorgáballes un feudo máis pequeno. Así formouse unha **cadea de lazos persoais** que ligaba o rei cos nobres do reino.

Este sistema deu lugar a **guerras frecuentes**. Unhas veces, un ou varios nobres deixaban de recoñecer a autoridade do rei e loitaban contra el. Noutras ocasións,


era o rei o que intentaba apropiarse pola forza das terras dalgún nobre. E tamén eran moi frecuentes as loitas entre nobres.

3.3. O feudo

Como vimos, os nobres recibían unhas terras a cambio de xurar fidelidade ao rei. Estas terras recibían o nome de **feudo ou señorío**. En cada feudo había un castelo, que era a residencia do señor, varias aldeas, onde vivían os campesiños que dependían do señor, e terras de cultivo, pastos e bosques. As terras dividíanse na reserva e nos mansos.

- A **reserva señorial** era a parte da terra explotada polo propio señor. Os cultivos que se obtiñan nela pertencían na súa totalidade ao señor.
- Os **mansos** eran porcións de terra que o señor lles concedía aos campesiños para o seu sustento. A cambio destas terras, os campesiños tiñan que pagarlle ao señor unhas **rendas**. Estas rendas podían ser diñeiro, produtos (unha parte da colleita, tecidos, animais...) e, sobre todo, servizos persoais, como traballar gratuitamente durante un tempo as terras do señor.


Nos seus feudos os señores **impartían xustiza e cobraban impostos**. Os campesiños tiñan que pagar un imposto cando usaban o muíño, o forno e a prensa, que eran propiedade do señor. Ademais, os señores cobrábanlles impostos aos comerciantes cando atravesaban os seus dominios (**peaxe**), cando entraban nunha vila para vender os seus produtos (**portaxe**) e cando cruzaban as pontes (**pontádego**).



Imaxe 6: Partes dun feudo

4. A SOCIEDADE FEUDAL

A sociedade medieval quedou dividida en tres grupos chamados **estamentos**: os nobres, os clérigos e mais os traballadores.



Imaxe 7: A pirámide feudal

- Os **nobres** eran os cabaleiros e as súas familias. A súa misión consistía en defender o resto da poboación.
- Os **clérigos** eran os monxes e os sacerdotes. Debían rezar para lograr a salvación espiritual das persoas.
- Os **traballadores** eran na súa maioría campesiños, aínda que tamén había artesáns e comerciantes. Ocupábanse de producir e vender os alimentos e os produtos que necesitaba a sociedade.

Pertenciáase a cada estamento por nacemento, excepto no caso dos clérigos. Os nobres e os clérigos eran estamentos **privilexiados**. Isto significa que os seus membros tiñan unha serie de vantaxes: por exemplo, non pagaban impostos e non realizaban traballos manuais. Ademais, controlaban os cargos máis importantes da administración.

4.1. A nobreza

Os nobres non tiñan todos o mesmo nivel: algúns eran donos de grandes feudos e de inmensas riquezas, mentres que outros só posuían as súas armas e o seu cabalo.

A **guerra** era a súa principal actividade. Por iso, os fillos dos nobres empezaban a súa educación militar desde nenos. Primeiro servían como **paxes e escudeiros** dun nobre importante, co que aprendían as distintas técnicas de combate. Cando chegaban á maioría de idade pasaban a ser cabaleiros tras unha cerimonia.

En caso de guerra, o rei convocaba aos cabaleiros e pedíalles axuda militar. Os cabaleiros e os seus vasalos acudían coas súas tropas e formaban unha **mesnada**. Cando a guerra terminaba, os nobres e os seus guerreiros volvían aos feudos.

Os nobres tiñan que estar sempre dispostos a partir á guerra; por esta razón adestrábanse continuamente. Unha das formas máis comúns de adestramento eran os **torneos**, combates nos que non se arriscaba a vida e resultaban moi importantes para gañar prestixio e respecto.

As mulleres da nobreza tiñan como función fundamental casar e ter fillos que asegurasen a permanencia da liñaxe. Os matrimonios eran concertados polos pais, ás veces cando aínda eran nenos. As mulleres ocupábanse de educar aos fillos máis pequenos e de organizar os labores dos serventes; tamén bordaban e tecían. Recibían só a educación necesaria para desempeñar a súa función social. Rara vez saían do castelo. As mulleres nobres estaban sometidas completamente ao home, ao que non podían desobedecer.

As mulleres que permanecían solteiras ingresaban en mosteiros. O nivel cultural das monxas era, polo xeral, elevado. Sabían ler e escribir e incluso falaban latín e linguas estranxeiras.

4.2. Os clérigos

A Igrexa católica era unha institución que estaba presente en toda Europa occidental. O **papa** de Roma era a cabeza da Igrexa e tamén gobernaba un Estado propio, os **Estados Pontificios**, situados no centro da península Itálica. O papa tiña os seus propios exércitos, pero o seu poder militar era escaso. Sen embargo, o papa tiña grande influencia política: se consideraba que un rei non se estaba comportando axeitadamente, excomungábo, é dicir, expulsábo da Igrexa. A **excomuñón** era

unha ameaza moi grave, xa que, se un rei era excomungado, os seus súbditos quedaban liberados do xuramento de fidelidade.

Por debaixo do papa, a Igrexa estaba dividida en dúas ramas: o clero secular e o clero regular.

- A cabeza do **clero secular** eran os **bispos**, que controlaban un extenso territorio chamado **diócese**. Cada diocese comprendía varias **parroquias**, onde realizaban o seu labor os **sacerdotes**.
- O **clero regular** formábano as **ordes relixiosas**. Cada orde estaba encabezada polo **abade principal**. Por debaixo del estaban os **superiores** que dirixían os mosteiros, onde vivían os **freires**, os **monxes** e as **monxas**.

As parroquias e os mosteiros eran uns señores feudais máis: posuían terras propias e tamén tiñan servos que as traballaban.


A orde relixiosa máis importante nos primeiros séculos da Idade Media foi a orde dos **benedictinos** ou **bieitos**, fundada por Bieito de Nursia en Italia no século VI, e que despois se estendeu por toda Europa. Cada orde tiña unha **regra**, é dicir: unhas normas que explicaban como se organizaban, as obrigas de todos os seus membros e o horario de todas as actividades. Por exemplo, algunhas regras ordenaban a **clausura** (os seu membros non podían saír ao exterior nin ser vistos por ninguén), a **obriga de pedir esmola** para os pobres ou a **pobreza absoluta**. Cada orde vestía un **hábito** que a identificaba.

4.3. Os campesiños

Na Idade Media, o 90 % da poboación estaba formada por campesiños. Moi poucos campesinos eran propietarios das súas terras. A maioría vivía nun feudo e traballaba as terras dun señor. Non obstante, a súa situación non era sempre a mesma. Ás veces, os campesiños rebelábanse contra os seus señores, buscando mellorar a súa situación.

- Uns campesiños eran **servos**, é dicir, estaban sometidos completamente á autoridade do señor. Por exemplo, non podían abandonar o feudo nin casar sen o seu permiso. Os servos traballaban gratuitamente para o señor, ben cultivando as terras da reserva señorial ou ben realizando os traballos domésticos. A cambio, o señor alimentábaos e mantíñaos moi pobremente. A condición de servos pasaba de pais a fillos.
- Outros campesiños eran **libres**, polo que podían abandonar o feudo e decidían os seus actos persoais. Traballaban os mansos do señorío e, a cambio, pagábanlle rendas ao señor, pero dispoñían do resto da colleita. Tamén lle pagaban o **décimo** á Igrexa, unha porcentaxe da colleita.

O traballo dos campesiños era moi duro. Toda a familia, incluídos nenos e anciáns, traballaban de sol a sol con ferramentas moi rudimentarias: fouces, gadañas, aixadas e arados romanos. Como non tiñan fertilizantes, cada ano cultivaban só a metade da parcela: isto chámase **rotación bienal**. A outra metade deixábase en **barbeito**, é dicir, sen cultivar, para que a terra recuperase a fertilidade. Isto facía que a produción agrícola fose moi baixa.



Imaxe 8: A rotación bienal de cultivos

Principalmente cultivaban cereais: co trigo e co centeo elaboraban o pan, que era o principal alimento, e coa cebada facían cervexa. Tamén plantaban legumes: feixóns, lentellas, garavanzos... E nas hortas tiñan hortalizas, vides (coas que fabricar o viño) e outras froiteiras. Os que estaban en mellor situación tiñan algún animal: galiñas, cordeiros, porcos, becerros...